

## Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 23 de novembro de 2010

Hora: 12:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Juan M. Lema Rodicio

María José Carreira Nouche

M<sup>a</sup> Teresa Moreira Vilar

Pablo García Tahoces

Francisco Omil Prieto

Juan M. Garrido Fernández

M<sup>a</sup> Carmen Palacios

Puntos a tratar:

1. Memoria do Título de Enxeñaría Ambiental
2. Rolda aberta

Se procedeu a analizar a Memoria do Título de Máster en Enxeñaría Ambiental, presentada polo Coordinador da Titulación Don Francisco Omil Prieto.

Respecto ás accións de mellora propostas (punto 8.2, páx. 31), a Comisión acordou integrar ditas propostas nas accións da Planificación Plurianual da ETSE, nos seguintes termos:

- A acción 1, Carga global de traballo máis equilibrada en cada módulo, se integraría na acción 1.2.1 (Fomentar a coordinación entre materias)
- A acción 2, Aumentar nun 20% o número de visitas a instalacións industriais e visitas de campo, se integraría na acción 1.2.4 (Incrementar as visitas a empresas)
- A acción 3, Aumentar un 20% o número de conferencias de persoal de empresas, se integraría na acción 1.3.1 (Impulsar as actividades da Aula Profesional)

A viabilidade destas propostas estará condicionada ao incremento dos recursos orzamentarios do centro.

A acción de mellora 4, Mellorar a dotación dos laboratorio, non se considera dentro da Planificación Plurianual por ter que axustarse ao orzamento recibido no centro para créditos experimentais.

Péchase a reunión ás 13.00 h.